



## **SESIÓN DE INVESTIDURA 11 ABRIL 2024**

### **INTERVENCIÓN DA PORTAVOZ NACIONAL ANA PONTÓN**

Señor presidente do Parlamento,

Señorías,

Convidados e convidadas,

profesionais dos medios de comunicación,

ciudadanía galega,

Señor Rueda:

Permítanme empezar con palabras dun referente como Nelson Mandela: “Aínda hai moita discordia, odio e violencia no noso mundo. Unha mínima preocupación polos demais (...) bastará para facer do mundo ese lugar mellor co que soñamos. (...) O heroes son os que firman a paz e constrúen”.

No BNG tamén soñamos cun mundo mellor en paz. Un mundo no que freemos eses ventos de guerra que soan en Europa, un mundo onde non se permitan atrocidades como a que está sufrindo o pobo palestino: 33.000 persoas asasinadas, case 14.000 nenos e nenas. Xa lle avanzo que traeremos a este Parlamento unha proposta para reclamar que se rompan relacións con Israel, que deixen de venderlles armas e se xulgue a Netanyahu por crimes contra a humanidade.

Porque hai que construír a Paz. Paz en Palestina. Paz en Burkina Faso, en Somalia, en Sudán. Paz en Yemen, en Nigeria, en Siria; e paz, tamén, en Ucraína. E nesa dirección é clave que a UE deixe de ser un satélite da OTAN e dos Estados Unidos, que en vez de apostar por máis gasto militar, que vai supoñer un recorte do gasto social, se aposte pola diplomacia e por unha relacións internacionais de respecto e cooperación entre os diferentes pobos do mundo. Non facelo é unha irresponsabilidade que abre as portas a un novo conflito a escala global, repetindo os erros do pasado.

Erros que conducen a ver de novo como unha pantasma recorre o mundo: aí temos a Miley na Presidencia de Argentina, que o PP apoiou con entusiasmo. Aí está tamén a posibilidade de que o *trumpismo* volva ocupar a Casa Branca ou aí

temos o auxe da extrema dereita en Europa, coa que vostedes gobernan, sen ningún complexo.

E neste contexto cheo de fragilidades e desafíos a resposta dun Presidente non pode ser un discurso baleiro e demagóxico que choca coa realidade.

Afirmou o pasado martes: *“A miña meta é presidir unha terra na que os galegos con diferentes ideas podan atopar puntos de encontro”*.

A realidade é que ese mesmo día, xusto despois de dicir iso, dedicou a maior parte do seu discurso a arremeter contra todos os quen non pensa como o PP, contra todas as que teñen unha visión diferente de Galiza.

Esta é a realidade fronte a súa demagogia, Sr. Rueda.

Tamén dixo: *“Únenos unha lingua que todos sentimos como propia e cunha vitalidade a proba de cambios sociais e demográficos. Unha lingua da que sentímonos orgullosos”*

A realidade é que esa “vitalidade” da que fala leva a que o galego sexa a única lingua do estado que perde falantes, leva a que un de cada tres mozos e mozas remata a etapa educativa sen saber falala e o seu orgullo xa o vimos cando se manifestaba contra o galego ou votaba NON a nosa lingua no Congreso.

Realidade fronte a demagogia, Sr. Rueda.

Escoitámoslle dicir: *“Importa ser a comunidade autónoma que menos se endebedou desde hai quince anos, porque isto significa que non estamos a hipotecar a Galicia dos nosos fillos e netos”*

A realidade é que somos en datos absolutos a sétima comunidade máis endebedada e si están a hipotecar o futuro dos nosos fillo e netas porque triplicaron a débeda mentres recortaban en sanidade ou educación. Realidade fronte a demagogia, Sr. Rueda.

Presumiu no seu discurso de “aprobar uns Orzamentos en tempo e forma, algo que Galicia converteu xa en costume, é no conxunto de España unha rareza.”

Resulta que a “rareza” é que de 17 CCAA, trece fixeron o mesmo, e das catro que aínda non teñen contas públicas, dúas están gobernadas polo PP de ganchete con VOX.

Realidade fronte demagogia, Sr Rueda.

Díxonos tamén e cito: *“A Xunta ten a responsabilidade de facer que os froitos deste desenvolvemento (das enerxías verdes) se repartan entre a sociedade galega e beneficien á poboación dos lugares nos que se asentán”*.

A realidade é que temos 4.000 muíños de vento, e 150 centrais hidráulicas pero os beneficios marchan fóra e perdemos emprego industrial.

Realidade fronte demagogia, Sr. Rueda.

E por último vostede afirmou sen ruborizarse: *“Unha Galicia que optase voluntariamente polo estancamento obrigaría á mocidade a cumprir os seus soños noutra parte. Non é esa a miña Galicia”*

A realidade é que na nosa Galicia 200.000 mozos e mozas tiveron que emigrar, buscando as oportunidades que vostedes non lles deron. Realidade fronte a demagogia, Sr. Rueda.

Senón quere que no futuro o seu discurso sexa lembrado como un manual de demagogia, empece por ter un proxecto de País pegado a realidade.

Porque para o futuro de Galiza, é importante que haxa un proxecto real sobre o que debater. Non temos que estar dacordo, pero polo menos que haxa un proxecto. Vostede tivo que apelar á Galiza de fai 30 anos, porque se sente máis cómodo no pasado que mirando para o futuro.

Por iso resulta tan preocupante a súa intervención señor Rueda, porque quedou espido: demostrou que non ten proxecto de futuro, limitouse a repetir o de sempre e a presumir do resultado electoral.

E así empeza mal. Sr. Rueda: Non caia no absolutismo e escoite a quen non pensa igual que vostede, escoite á cidadanía, porque ten a maioría de escanos nesta Cámara, pero a maioría dos galegos e das galegas non lle deron ni a súa confianza nin o seu apoio nas urnas.

O pasado 18 de febreiro, foron máis de 715.000 galegos e galegas os que pediron outra maneira de gobernar. Que lle dixeron que non queren recortes en sanidade e en educación; nin un sistema de coidados das persoas maiores que fai negocio coa vellez, nin unha política de vivenda que deixa a xente moza na casa dos seus pais.

Esa cidadanía díxolle que que non quere o espolio eólico e ambiental, nin que unha presa de multinacionais se forren mentres deixan contaminación ao seu paso, levándose por diante o medio de vida da xente do rural e da xente do mar.

Se vostede realmente quere ser o presidente de todos os galegos e galegas escoite a voz desa cidadanía que tamén se expresou nas urnas e non negue que en Galiza hai graves problemas que resolver. Empezando pola sanidade. Hai listas de espera para ir ao médico ou médica de cabeceira, temos 11.000 nenos e nenas sen pediatra, Sabe quen é responsable? O goberno do PP, porque recortaron 2.339 M€ en atención primaria.

Temos tamén unha situación dramática na saúde mental: 9.000 persoas esperando por unha primeira consulta en psiquiatría; estamos á cabeza en suicidios pero á cola en profesionais, orzamento e servizos. Ante este drama, de verdade pensa que pode vir aquí e limitarse a facer anuncios sen concretar absolutamente nada.

O seu goberno promoveu a privatización das residencias e limítase a presumir das que fai unha fundación privada; e nin sequera é capaz de garantir que sexan de xestión pública a pesar de todo o que vivimos na pandemia. Así é como trata ás persoas maiores!

No BNG defendemos un sistema público de residencias, aínda que esta debe ser o último recurso, porque queremos que as persoas maiores desfruten desa etapa da vida nas súas casas. Pero para iso, hai que dar un salto de xigante en axuda no fogar.

Pero isto vai ser imposible se somos a comunidade que menos inviste por persoa dependente, 1.603 € menos que en 2009. Non son cifras do BNG, son do *Observatorio estatal da dependencia*.

Realidade fronte a demagogia, Sr. Rueda.

É sorprendente e moi preocupante que vostede non fixera nin unha soa referencia a un dos principais problemas que ten este País: a crise demográfica. Vostede limitouse a proclamar que este era o mellor país para nacer. Estou de acordo, pero explíqueme porque no mellor país para nacer cada vez nacen menos nenos e nenas?

Quizais o problema é que o goberno do PP non está facendo que este sexa o mellor lugar para vivir.

Por iso a xente moza emigra ou ve como crear unha familia e acceder a unha vivenda é misión imposible. Sabe por que? Porque se cargou a política social de vivenda e agora os alugueres están disparados.

Reduciron a mínima expresión a vivenda pública e por riba agora fanlle boicot aos concellos que piden a declaración de zona tensionada para limitar os prezos do aluguer. O PP non é parte da solución pero fai todo o posible para ser parte do problema.

Saia da súa realidade de telexornal señor Rueda!

Fronte a esa Galiza que só se sustenta nos seus papeis, a Galiza real non converxe coa Unión Europea, ao contrario, retrocedeu nada menos que 10 puntos desde 2009 e hoxe a nosa riqueza é apenas un 80% da media comunitaria. A Galiza real ten unha caída brutal da inversión que e hoxe 5,6 puntos inferior á media española, e 10 menos que a europea.

Realidade fronte a demagogia, Sr. Rueda!

Temos un país rico pero hai que poñer esa riqueza á favor do País e non dunha presa de multinacionais que se lucran cos nosos recursos naturais.

Deixe de abrazarse a *Iberdrola*, a *Naturgy*, a *Endesa*, a *Greenalia* e traballe a favor das familias, da clase traballadora, das empresas.

Falaba do binomio industria-enerxía, que unha implica á outra. Pode explicarnos por que en Galiza temos 4.000 muíños nos montes pero (2009-2023) perdemos 27.600 empregos na industria. E pode explicarnos por que Madrid ten cero

muíños pero ganou 21.400 empregos na industria? Como nos explica ese binomio?

Explícollo eu señor Rueda: chámase espolio eólico. É o que pasa cando se goberna para as eléctricas como fai o Partido Popular desde hai quince anos. E sobre este espolio é sobre o que vostede quere construír un acordo de País??

Se realmente quere un pacto industrial fagamos que esta sexa a lexislatura dun modelo eólico a favor da maioría social e para favorecer a industrialización.

Pero queremos unha industria do século XXI, sustentable co territorio, co medio ambiente e co rural.

O que non imos permitir é que coloquen unha bomba ambiental no rural galego como a macro celulosa de ALTRI. Un proxecto sobre o que mentiron, enganaron e ocultaron información tanto ao Parlamento como a sociedade, e agora sabemos por que.

A empresa que promove este proxecto é portuguesa, se é tan excelente por que non a queren en Portugal señor Rueda? A resposta é moi simple: porque é contaminante.

Supón un golpe mortal para o sector agrogandeiro de Arzúa-Ulloa, a segunda denominación de orixe máis produtiva de todo o Estado. ALTRI supón quitarlle a esta comarca terra agraria útil, supón máis eucalipto, converter o noso monte nun polvorín e ignorar o cambio climático.

Dígallo á ex conselleira do PP, Beatriz Mato, socia neste macro proxecto contaminante, que deixaría sen medio de vida a miles de persoas no rural e na costa. Porque a contaminación tamén afectaría ao Río Ulla que desemboca na Ría de Arousa, da que viven 4.000 familias.

E por riba permítese vir aquí a insultar a intelixencia da veciñanza que defende as súas casas e o seu medio de vida.

Non imos permitir que nos colen como industrialización o que é unha agresión ambiental descomunal, que consumiría cada día máis auga que toda a poboación de Lugo. E por riba subvencionada con 250 millóns de euros de todos e de todas!

Esa é a súa gran aposta: darlle 250 M€ á multinacional portuguesa ALTRI para que coloque en Galiza unha macro celulosa contaminante que non quere Portugal. Sabe todo o se podería facer con eses 250 M€ para revitalizar o rural?

Dígalle, por exemplo, aos 204.248 traballadores e traballadoras autónomas que quere que ALTRI reciba catro veces máis axudas públicas que as que o seu goberno lles concede cada ano.

Pense menos nas multinacionais e máis nas persoas autónomas que xeran miles de empregos!

Industrializar Galiza si, pero contaminar Galiza e hipotecar o futuro deste País, non.

O que precisamos é apostar polos nosos sectores produtivos, como o sector agrogandeiro e pesqueiro, que co PP perderon case 19.000 empregos. Sectores que poderían xerar miles de postos de traballo e son claves para un rural vivo e vilas costeiras vivas.

Galiza precisa unha economía sustentable, baseada co coñecemento, porque non queremos competir con baixos salarios, nin esquilmando o noso territorio, senón a través da ciencia e da innovación, que debe ser unha prioridade de País.

Aproveite que arranca a nova lexislatura e rectifique señor Rueda, colóquese do lado dos científicos e científicas aumentando o investimento en I+D+i, até acadar o 2,5% do PIB e acabando coa precariedade. Pode contar co noso apoio se quere percorrer ese camiño.

No seu discurso tampouco fixo a mínima referencia a avanzar en autogoberno. Imaxino que para tapar a vergoña de quince anos con cero novas competencias.

A súa incapacidade debilita a Galiza ante o Estado e todo porque vostede prefere que decidan por nós en Madrid e vai ser presidente refén de Génova. Así non fai que Galiza se escoite!

Até agora quen fai que Galiza se escoite ante o Estado é o BNG: logrando rebaixas históricas nas peaxes; garantindo que imos recibir o mesmo trato na condonación da débeda, cun acordo que prevé a reunión da Comisión mixta de transferencias.

Pídolle que deixe de poñer o interese do PP por riba de Galiza e que aproveite esta oportunidade que lle brinda o BNG para negociar as competencias pendentes e para negociar unha redución da débeda. Ten a miña disposición a que manteñamos unha reunión para unir forzas na defensa de Galiza, pode contar co BNG. Igual que pode contar con nós para que Galiza teña un financiamento xusto.

Un tema clave sobre o que non fixo ningunha aportación, así que permítame que lle ofrezca as propostas do BNG.

Queremos ter a chave dos nosos cartos para xestionar cada euro desde aquí, pero aínda dentro do actual marco, hai marxe para ter ambición con medidas concretas. Por exemplo: reclamar a cesión do 90% do IRPF e do IVE; o Imposto de Sociedades ou que tributen aquí as empresas que teñen actividade aquí, como as eléctricas.

Teña confianza no País e deixe a milonga de que vivimos da solidariedade de Madrid, porque os galegos e galegas vivimos do noso esforzo e traballo!

E falando de financiamento, no seu discurso non podía faltar un clásico da demagogia do PP: a baixada de impostos. Pero o que non conta é a quen lle baixan mais os impostos: os máis ricos, como fixo co agasallo fiscal de 36M€ ás 7.700 persoas con máis patrimonio de toda Galiza, mentres por atrás suprimía a

tarxeta básica ás familias sen recursos para a compra de alimentos e medicinas. Esta é a súa política fiscal!

Non quero rematar sen referirme a súa falta de propostas en materia de igualdade, nada salvo lugares comúns, ese é o seu compromiso coas mulleres. Na loita contra a violencia de xénero, a gran aportación é o anuncio de que vai recuperar un servizo que se cargaron hai quince anos. 15 anos perdidos!

A proposta do BNG: poñer o turbo e recuperar o tempo perdido investindo o 1% do orzamento (131 M€), para loitar contra o terrorismo machista, porque as mulleres estamos fartas de violencias e desigualdades e o queremos é menos.

O BNG está aquí para traballar a favor de Galiza, a favor dos galegos e das galegas, de todos e cada un, pensen como pensen, votasen o que votasen, porque ese é o noso obxectivo e a nosa razón de ser.

Por iso propoñolle un pacto de País en catro asuntos que consideramos prioritarios: Sanidade, acceso á vivenda, modelo enerxético e rexeneración democrática.

Empezo por sanidade.

A proposta do BNG é revertir os recortes que o seu goberno executou en atención primaria o que fai que haxa listas de espera, algo absolutamente inédito.

O que está en xogo é a saúde, por iso ofrecémoslle ao seu goberno un gran pacto de País en defensa da sanidade pública con catro puntos básicos:

1º.- Blindar por lei o financiamento de atención primaria que como mínimo debe ser o 25% do gasto sanitario.

2º.-Un novo modelo de Atención Primaria, recuperando as xerencias e dotando os centros de saúde con equipas multidisciplinares, con psicoloxía clínica, logopedia ou podoloxía entre outras especialidades.

3º.- Garantir que todos os nenos e nenas teñan pediatra, vivan onde vivan.

4º.-Rematar coa precariedade laboral convocando todas as prazas vacantes no SERGAS.

Acepte esta man tendida para poñer por diante a saúde das persoas.

Máis aló da súa propaganda anunciando que vai facer en tres días o que non fixo en quince anos, a vivenda é un dos principais problemas das familias e da xente moza.

A proposta que lle formulo é poñer en marcha un plan de compra masiva de vivenda baleira nunha Galiza que ten 500.000 inmobles desocupados, 90.000 nas sete grandes cidades. Un plan co obxectivo de ofertar 6.000 vivendas en aluguer a prezo taxado ao longo desta lexislatura, unha cifra ambiciosa pero realizable, unha opción máis rápida e moito máis sustentable que a de nova construción.

Propoñemos un cambio de paradigma que permitiría aumentar en pouco tempo o parque público de vivenda e poñelo no mercado a prezos que a maioría poida pagar. Estamos falando de algo tan importante como o dereito a unha vivenda digna, por iso lle ofrezco un pacto nesta materia.

A terceira prioridade sobre a que lle ofrecemos un gran pacto é o modelo enerxético.

O obxectivo é parar o actual boom eólico depredador e substituílo por unha planificación a favor do País, porque hoxe o que está pasando é que son as eléctricas as que deciden como, onde e cantos parques instalan en función do seu negocio.

Non se trata de encher os montes de muíños para as eléctricas, senón de aproveitar todas as fontes de enerxía renovables, de maneira planificada, ordenada e en beneficio de Galiza.

Trátase de crear unha empresa 100% pública de enerxía aberta á participación dos concellos, igual que teñen en países como Francia, Italia ou Suecia. E, por suposto unha tarifa eléctrica galega que permita rebaixar a factura da luz ás familias e o tecido económico.

A proposta do BNG consiste en poñer a riqueza eléctrica ao servizo da xente, democratizar o acceso á enerxía e preservar a biodiversidade e o territorio. Eólica si, pero ao servizo de Galiza!

Finalmente, tamén lle ofrecemos un pacto de País pola rexeneración democrática.

Empezando polos medios públicos, para que deixen de ser o aparato de intoxicación e propaganda do PP e se poñan ao servizo da cidadanía. O primeiro punto dese pacto é cumprir a lei, garantir o pluralismo e que 13 anos despois de aprobalo por lei se creen o estatuto profesional e o consello de informativos. Segundo, unha nova dirección elixida a través dun concurso público.

Neste pacto pola rexeneración democrática é clave respectar ó Parlamento, en lugar de esconder información para impedir o labor da oposición. Como cando ocultan os convenios do SERGAS coa sanidade privada ou cando se negan a auditar os contratos realizados durante a pandemia a pesar de numerosas irregularidades que se foron detectando. Se non teñen nada que esconder por que o PP veta en Galiza a mesma investigación que pide en Madrid?

A rexeneración democrática tamén é transparencia. Hoxe temos un portal de transparencia que é o portal de opacidade, porque ocultan miles e miles de contratos a dedo. Por exemplo, os 1.311 contratos a dedo en cinco anos coa empresa que dirixe en Galiza a irmá do señor Feijóo.

Ofrecémoslle un pacto para que esta maneira de actuar forme parte do pasado, un pacto a favor da rexeneración democrática para ter uns medios públicos ao servizo da cidadanía, para darlle a este Parlamento o papel central que lle



corresponde e acabar coa opacidade, coa ocultación e co favoritismo, porque queremos unha democracia da máxima calidade.

Estes son os catro pactos de País que lle propoño a favor de Galiza. Espero que non os desprece pero, en todo caso, o BNG vai traballar por e para os galegos e as galegas, tanto se contamos coa súa colaboración como se non. Porque así é como entendemos a política desde a defensa de ideas e poñendo ás persoas no centro.

A cidadanía pode ter a seguridade de que imos facer un rigoroso labor de control pero, ao mesmo tempo, **actuaremos como goberno alternativo**. A cada crítica aportaremos unha solución **explicando que faría un goberno do BNG para mellorar a vida da cidadanía**.

Temos un grupo parlamentario reforzado que ven con intención de facer política de luces longas, lonxe de crispación que o PP está instalando na vida pública, enlamando o debate, con esa confrontación permanente, onde a lexítima discrepancia é substituída polo insulto ao adversario e polo todo vale.

Aí nunca me atopará, nin a min nin ao BNG. Para defender Galiza terá sempre a man tendida do BNG. Para formar parte da *Confraría da Perpetua Crispación* que lle impón Feijóo desde Madrid, non conte con nós.

Pídlle que non desprece a nosa man tendida. Por unha vez escoite, dialogue, negocie e teza acordos. Demostre que realmente está disposto a facer política con maiúsculas, porque até agora só demostrou que canto mellor lle vai ao PP, peor lle vai a Galiza.

Desde o BNG, co apoio que nos deron case medio millón de galegos e galegas, imos traballar con enerxía e entusiasmo para defender a sanidade pública, un ensino de calidade, unha vellez tranquila ou oportunidades para a xente moza.

Defenderemos unha Galiza produtiva, que aposte pola ciencia, que plante cara á emerxencia climática. Seremos a voz que defenderá mil primaveras máis para a nosa lingua, o autogoberno, os dereitos LGTBI, o feminismo e unha cultura que nos fai máis libres e críticas. Traballaremos desde a convicción de que Galiza gañará desde a confianza en si mesma e nas súas propias forzas.

Imos traballar por e para os galegos e as galegas, para mellorar as súas vidas, para poñer en marcha unha Galiza con máis oportunidades, capaz de afrontar os retos que xa están aquí.

Sen escatimar esforzos, con humildade pero tamén coa máxima ambición, desde o orgullo do que somos: un gran País, de xente honesta e traballadora que quere unha Galiza con futuro na que cumprir os seus soños.

Esa é a Galiza que tamén queremos no BNG e pola que imos seguir traballando, con máis forza e esperanza.

Remato desexándolle acertos como presidente, porque máis aló das nosas evidentes discrepancias políticas, os seus acertos redundarán en beneficio deste País e desde o BNG queremos o mellor para Galiza.

Moitas grazas.